

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, de Internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias e, ademais, contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción» englábanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos.

favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres coma por homes,

e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas.

En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Intrahistoria	Grecia e Roma. Edade Media	30	20	X		
2	Coñecemento	Renacimiento, Barroco, Clasicismo	30	22		X	
3	A liberdade	Romanticismo, S.XX-XXI	40	28			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Intrahistoria	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Autoreflexión,	PE	31
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Aprender e saber explicar qué é cada forma		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Descubrir, reflexionar e analizar as formas musicais		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Audición, observación		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Participar nos proxectos na clase		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Mínimo de observación, reflexión e respecto oós compañeiros	TI	69
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Método deductivo coñecendo as características de cada movemento		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Exposición na aula coñecendo os apartados dados		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Lectura sinxela		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Vocabulario adecuado para nomear os contidos		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Respeto, comprensión das formas		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Respeto os compañeiros, mínimo de combinacións rítmicas e melódicas		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Desenvolverse con ritmos sinxelos na agógica		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Entoar, medir , frases sinxelas		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Intentar interpretar melodías sinxelas con dinámica		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Participar, respetar, elaborar vídeos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar activamente nos proxectos da clase		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Expoñer, dialogar e respetar ós compañeiros na súa reflexión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñecemento	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar as formas de cada período	PE	47
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Recoñecer as verbas propias do linguaxe musical		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer as diferentes formas da época		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Reflexión e creatividade		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Músicas relixiosas e profanas de cada época		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Recoñecer as formas máis características de cada época		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Participar no proxecto da aula		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Participar activamente no proxecto da aula		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Participación activa nos proxectos da aula	TI	53
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Participación activa Proxecto da aula		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Recoñecer a melodía		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Respeto e participar activamente		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Crear unha canción, con ritmos sinxelos dados na aula		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Lectura de frases sinxelas		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretación con dinámica e agóxica		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Lograr facer unha canción da clase		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Respeto, reflexión		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Exposición na aula		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.

Contidos

- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	A liberdade	28

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Traballo proxecto		
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Traballo en proxecto		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Traballo en proxecto		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Traballo no proxecto		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Traballo no proxecto		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Coñecemento de diferentes formas nas épocas	PE	59
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Traballo no proxecto da clase, participar activamente		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Proxecto da clase, participar activamente		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Coñecer as formas das diferentes épocas		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Coñecer as formas das diferentes épocas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Melodías con agónica e dinámicas sinxelas	TI	41
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Denominar as formas e os elementos musicais		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Crear, cantar, unha melodía simple		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Respeto os compañeiros, creatividade		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Creación dunha canción		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Recoñecer a melodía		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Creación vídeo musical		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Participar activamente proxecto da aula		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.

Contidos

- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Por cada unidade didáctica:

1-Proposición e pequena introdución ao tema que se vai a tratar, facilitando bibliografía e páxinas web, así coma o nome de diferentes artistas musicais que traballan sobre dita materia: formas, color, timbres... co gallo de que os alumnos teñan un achegamento previo a aquelas audicións que se van a tratar.

2-Exposición teórica da unidade didáctica a través do libro de texto, onde se explican ademais os obxectivos fixados para cada tema en concreto e a explicación da elaboración das partituras propostas coma exercicios prácticos e o material que deben utilizar nas mesmas.

3-Realización das prácticas por parte do alumno na aula, co seguimento tanto de grupo coma individual por parte da profesora. Nas actividades relacionadas coa linguaxe musical, se realizarán os exercicios na aula de música e explicaranse paso a paso, co fin de que tódolos alumnos podan seguir sen problema o ritmo da clase.

4-Corrección, comentando posteriormente e de forma xeral, erros e problemas que surxan nos traballos. Proposta de actividades de recuperación e reforzo.

→O espazo habitual de traballo será a aula e a aula de música, saíndo en certas ocasións á sala de informática ou medios audiovisuais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os materiais necesarios para o bó desenrolo da materia serán os propios da materia, tales coma libreta de pauta, instrumentos orff, vídeos ... (íranse especificando con anterioridade á realización do tema en concreto), e sendo imprescindible o seu uso para o funcionamento da clase. Os recursos didácticos se presentarán para apoio da materia na páxina web pertencente ó colexio dentro do departamento de música e serán proporcionados pola profesora tema a tema. Como xa se comentou con anterioridade, as aulas de segundo e terceiro de E.S.O. están dotadas con pizarras dixitais que utilizamos en diversas propostas de traballo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba específica para avaliar os coñecementos previos do alumnado, e partires todos os alumnos da mesma base.

Deseñaranse as diferentes propostas de traballo por unidade didáctica en función do nivel do que parte o grupo en cuestións de coñecementos previos sobre a materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	31	47	59	47
Táboa de indicadores	69	53	41	53

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

Durante o curso, o procedemento de avaliación requirirá a continúa revisión dos instrumentos de avaliación para a consecución dos estándares de aprendizaxes propostos.

Explicaráselle ao alumnado os criterios de corrección e puntuación da materia en relación cos instrumentos de avaliación relacionados cos estándares de aprendizaxe previstos na programación didáctica do curso. Tamén se avaliarán as tarefas extraescolares cun instrumento que estará integrado dentro do proceso de aprendizaxe.

Para obter a cualificación da materia seguiremos o seguinte procedemento:

No caso de que a nota media da avaliación ordinaria sexa inferior á nota sacada na 3ª avaliación, a nota da avaliación ordinaria será igual á nota da 3ª avaliación.

Se o alumno aproba a 3ª avaliación, aprobará a materia. Se o alumno suspende a 3ª avaliación, suspenderá a materia.

O curso constará de tres avaliacións. Realizaranse probas que avalíen a materia e traballos que o alumno deberá entregar perante o ano académico. Avaliaranse 40% linguaxe musical (solfexo, dictado, entoación), 30% termos

teóricos e 30% proxectos. Avaliaranse de 0 a 10. Con menos de 3 non se fará media pois considero que non acadau os criterios mínimos exixibles. Primará por suposto a consecución da competencia básica cultural e artística e a materia terá carácter de avaliación continua. Realizarase unha proba extraordinaria onde a nota obtida ponderará coa nota da terceira avaliación e subirá a mesma, no caso de ser inferior respetarase a nota da terceira avaliación. Calquera consulta ou dúbida sobre a corrección de probas orais e escritas e traballos poderán ser tratados coa profesora tanto por parte dos alumnos coma dos seus pais ou tutores, nun horario acordado por ambas partes.

Criterios de recuperación:

No caso da non promoción do alumno nesta convocatoria, a profesora elaborará unha guía personalizada de traballo para a recuperación ao longo do verán e encomendará a este a realización de traballos que deberá presentar no mesmo lugar, día e hora da realización da proba extraordinaria.

A cualificación da avaliación extraordinaria será un número enteiro entre 1 e 10 ambos inclusive.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O ser Avaliación continua non haberá exames de recuperación, ó aprobar a seguinte avaliación terá recuperada a anterior. Haberá tamén unha proba final global fixada para xuño para os que non superen a materia. Aqueles alumnos que manteñan a materia pendente de cursos anteriores serán avaliados mediante a entrega dun traballo ou proba escrita, na data a determinar polo centro. Farase un seguimento particular do alumnado con informes mensuais ó titor e ás familias.

6. Medidas de atención á diversidade

Elaboraranse exercicios e linguaxe musical máis sinxelo e cunha corrección moito máis aberta e axeitada a cada caso e alumno, aínda que sempre sobre o mesmo tema que segue a aula, tratando de non desvencellar ao alumno que a necesitara, do seu grupo.

Non podemos esquecer o tratamento á diversidade que debe producirse dende o momento en que se detectan distintos niveis de coñecementos e actitudes entre os nenos. Para que a materia poda contribuír a esta tarefa, no modo de emprendelas clases diferéncianse tres niveis:

- Nivel de dificultade 1: cando, con facilidade o alumno pode resolver a actividade poñendo interese na comprensión da proposta e tendo en conta os conceptos básicos establecidos.
- Nivel de dificultade 2: cando o alumno pode desenrolar a actividade tendo en conta unicamente os conceptos da unidade didáctica que está a traballar.
- Nivel de dificultade 3: cando necesite manexar conceptos vistos noutras unidades e necesite manexar varias fontes para resolver.

Por tanto, á hora de avaliar, deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

- Delimitación dos obxectivos específicos a avaliar.
- Tipo e modo de recollida de información.
- Forma de xerar criterios e xuízos.
- Decisións en torno á valorar a diversidade de capacidade de persoas que integran o grupo.

Con estas consideracións, trátase en definitiva, de reducir os desaxustes que se producen na formación dos adolescentes e de facer mais positiva e eficaz a acción do profesor.

Ao longo do primeiro trimestre, tomaranse decisións oportunas en relación coas medidas de atención a diversidade e informarase ás familias, e convertindo os exercicios, proxectos e audicións ás posibilidades reais do alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Observar, formular hipóteses, reflexionar e crear	X	X	X

Observacións:

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a competencia artística e cultural. Esta materia proporciona un ámbito de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos. Iso implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación. Desde as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

A materia facilita tamén o desenvolvemento da competencia social e cidadá. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias para traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais. A expresión plástica e visual de emocións e vivencias relacionadas cos dereitos e liberdades cívicos pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de gran valor formativo desde unha perspectiva social, afectiva e moral.

O tratamento da información e a competencia dixital veñen enormemente favorecidos polos traballos propios da materia; esta competencia impulsarase con tarefas que poden ir desde a análise de mensaxes da contorna audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos específicos para expresar e crear.

A Educación Musical esixe e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipótese, observar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara a aspectos relacionados coa conservación, coidado e reciclaxe de materiais para configurar unha obra persoal. Todo iso implica unha relación clara coas competencias de coñecemento e interacción co mundo físico, aprender a aprender e iniciativa e autonomía persoal (que implican aprender a trazar proxectos, a facer funcionais os recursos, a valorar posibilidades, anticipar resultados e avalialos).

A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo, a través dos contidos da representación das formas musicais, contribúe de forma significativa a que o alumnado adquira a competencia matemática.

Finalmente, a competencia en comunicación lingüística relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal e non verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e/ou a creación dunha obra musical levan consigo; así mesmo fai posible a comunicación na aula á hora de transmitir mensaxes vinculadas a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é tamén esencial; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, pintura, escultura), axudará os alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Coro	aberto a todos os alumnos	X	X	X
Charlas e coloquios	invítase a músicos rexionais que acérquense ao colexio a dar unha charla sobre a súa música ao alumnado		X	
Actuación musicais	tanto actuacións do propio alumnado como externas en datas especiais	X	X	

Observacións:

Programamos sempre, durante o curso o coro de secundaria e bacharelato actuacións nos actos do colexio que se requiran, actuacións musicais (Banda de música ENM, Corais, grupos Folk...), Charlas con músicos e saídas culturais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Farase ao final do curso unha memoria cos logros ou non logros dos obxectivos
Metodoloxía empregada
Posta en común da planificación e avaliación dos resultados con outros membros do departamento
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Enquisa realizada ao alumnado por parte do profesor.
Medidas de atención á diversidade
Posta en común da planificación e avaliación dos resultados con outros membros do departamento
Clima de traballo na aula
Enquisa realizada ao alumnado por parte do profesor.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación en entrevistas persoais coas familias do alumnado.

Descrición:

Virán dados a través da análise dos seguintes aspectos:

- Enquisa realizada ao alumnado por parte do profesor.
- Estadística e comparativa de resultados con outros centros educativos e outros anos.
- Probas externas organizadas polo centro ou pola propia administración.
- Posta en común da planificación e avaliación dos resultados con outros membros do departamento.
- Comunicación en entrevistas persoais coas familias do alumnado.
- Participación en formación permanente por parte do docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Puntuarase e avaliarase a propia programación, mediante diferentes referentes como son:

- Avaliación por parte doutros departamentos en canto á interdisciplinaridade se refire.
- Avaliación por parte dos alumnos a través dunha enquisa realizada a final do período lectivo.
- Avaliación e posta en común, por parte doutros membros de departamentos iguais.
- Avaliación por parte do equipo directivo do propio centro.
- Autoavaliación unha vez finalizado o período lectivo.

9. Outros apartados